



## I CONCURSO LITERARIO INFANTIL SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

**Xénero:** conto ou relato curto.

**Aberto a:** nenas e nenos de 1º a 4º de ESO, ambos inclusive.

**Entidades convocantes:** Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

### BASES

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) convocan o “I Concurso literario infantil sobre a protección de datos”.

Ambas as dúas institucións consideran de moita importancia que a sociedade galega tome conciencia da necesidade de incorporarse á cultura da protección de datos, nomeadamente os menores de idade. Cómpre promover o coñecemento entre a cidadanía sobre cales son os seus dereitos e responsabilidades en materia de protección de datos.

1.- Poderán participar todos os rapaces e rapazas de 1º a 4º de ESO de idade, ambos inclusive, estudantes en centros escolares sostidos con fondos públicos de Galicia.

2.- O xénero literario será artigo periodístico, exposición divulgativa (entrada de blogue ou artigo de divulgación), conto ou relato curto. Como liñas conductoras destes traballos pódense considerar as seguintes, sen quedar limitadas:

- *Que é para ti a protección de datos?*
- *Como afecta a protección de datos no teu día a día?*
- *Protexe os teus datos, protexe a túa privacidade*
- *Que acontecería se houberse protección de datos no conto da Carapuchiña Vermella?*
- *Protexer os datos nas redes sociais, é importante?*

- *Como protexes os teus datos?*

O referente será o Protocolo de Protección de Datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ([educonvives.gal](http://educonvives.gal)) e as publicacións da Axencia Española de Protección de Datos.

3.- As persoas participantes deberán achegar obras inéditas en lingua galega.

4.- Os traballos deberán presentarse en formato dixital en PDF, cunha extensión de entre 1000 e 2000 palabras. Cada concursante poderá presentar ao certame cantos traballos desexe.

Este traballo será presentado baixo pseudónimo. No mesmo correo electrónico remitiranse dous documentos: unha folla na que se indiquen o pseudónimo de presentación e os datos do autor ou autora (nome e apelidos, centro, curso e grupo e titor/a e teléfono e correo de contacto do centro educativo), e a obra presentada a concurso, que terá por toda identificación o pseudónimo.

Non se poderá incluír ningunha outra información identificativa nin do autor/a nin do centro nas follas restantes.

5.- As persoas titoras enviarán os traballos do seu alumnado segundo o establecido no punto anterior ao correo electrónico [premioliterario@cpeig.gal](mailto:premioliterario@cpeig.gal).

6.- Os membros do xurado serán nomeados polas entidades convocantes.

7.- Os traballos recibiranse ata as 15:00 horas do día 28 de febreiro de 2017.

8.- O xurado terá a facultade de declarar deserto o premio e de ampliar o número de premios e mencións atendendo a calidade dos traballos presentados. O fallo do xurado será inapelable.

9.- Haberá un premio para a categoría 1º e 2º de ESO e outro para a categoría 3º e 4º de ESO, que consiste nunha tablet para o autor ou autora e un kit de robótica para a súa aula. Asemade, aquel centro que conte con maior participación recibirá un recoñecemento especial da organización.

10.- A convocatoria farase pública o día 28 de xaneiro, Día da Protección de Datos en Europa, nas páxinas web das institucións convocantes. O fallo do xurado daranse a coñecer no mes seguinte á finalización da recepción de traballos.



11.- A presentación dos traballos a este concurso supón a expresa conformidade dos autores coas bases do mesmo. Calquera traballo que non cumpra co requirido na presente convocatoria será descalificado.

12.- De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado “Concursos” co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia. mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo:

*Rúa Fernando III O Santo 13 1ªA  
Teléfono: 981 592 773 – Fax: 981 553 997  
15701 Santiago de Compostela (A Coruña)*

13.- Sen prexuízo do dereito moral e irrenunciable a propiedade intelectual, as persoas participantes ceden o dereito de explotación e difusión non exclusiva ao CPEIG das obras presentadas baixo unha licenza Creative Commons recoñecemento-compartir igual (BY/SA).

14.- A participación neste concurso, implica a aceptación destas bases e a decisión do xurado.